



0 currículo oculto dos libros de texto



Antecedentes

No ano 2004, a Comisión de Educación Ecolóxica de Ecoloxistas en Acción elaborou un estudo cualitativo sobre os libros de texto, buscando as mensaxes explícitas, implícitas, as omisións ou as deformacións duns contidos que agochan a magnitude da insostibilidade, as súas causas e as súas responsabilidades.

Ao fío deste traballo, en outubro de 2007 Verdegaia organizou o primeiro “Curso do currículo oculto antiecolóxico dos libros de texto: unha educación para o Desenvolvemento Sostible”.

Os contidos deste primeiro curso centráronse na identificación das chaves da insostibilidade e do pensamento antiecolóxico que se constrúe dende os libros de texto para, a continuación, desenvolver unha análise artesanal dalgúns libros empregados polo alumnado dos centros de ensino galegos.

Co obxectivo de compartir o traballo realizado e sentar as bases metodolóxicas para a elaboración dun estudo completo, xuntámonos novamente a comezos de febreiro de 2008. Nesta segunda edición sentamos as bases para a definición dun protocolo de análise dos libros de texto, especificando a forma na que tería que desenvolverse o estudo e os cursos que queriamos traballar máis especificamente. De igual xeito, definiuse tamén a participación de novos colectivos interesados no estudo.

Por que a análise dos libros de texto?

Ben sabemos que os libros de texto e a súa utilización nas aulas están suxeitos a un longo debate no contexto dos movementos educativos. É preciso, polo tanto, explicitar que con este estudo non pretendemos, en ningún caso, apoiar e/ou xustificar o uso dos libros de texto nos centros escolares.

En realidade, os libros de texto non son máis que unha escusa para analizar as categorías culturais coas que vemos o mundo.

Os libros de texto, queirámolo ou non, son os que directa ou indirectamente marcan a axenda de asuntos que hai

“Os libros de texto marcan a axenda de asuntos que hai que aprender, marcan tendencias no ensino formal”



O informe pretende chegar unha nova forma de ler os libros de texto galegos.

que aprender, marcan tendencias no ensino formal. Como consecuencia, representan á súa vez o “coñecemento serio”, o “coñecemento de verdade”, e son unha mostra representativa del, xa que abarcan tódolos ámbitos. En definitiva, dannos unha idea de como aprendemos a mirar o mundo.

Ademais, consideramos que un colectivo ecoloxista como Verdegaiá, ten que ser tamén capaz de poñer en marcha procesos de investigación e de creación colectiva de coñecemento, como mecanismos de mobilización social.

Como foi abordado este traballo?

Para acadar unha análise con certo grao de profundidade estableceéronse unha serie de pasos. O primeiro foi o traballo colectivo, mediante as xuntanzas xa referidas, que chegaron a perspectiva e as ferramentas para encarar a posterior análise. Elixíronse unha serie de categorías temáticas e elaborouse un protocolo de análise, cunha matriz onde anotar as presenzas e ausencias significativas en relación aos temas escollidos.

O seguinte foi a selección dos cursos sobre os que traballar. Acordouse manter os mesmos que xa analizaran Ecoloxistas en Acción no seu informe, por aproveitar a posibilidade de establecer futuras comparativas coas nosas conclusións. Polo tanto, a análise centrouse no 6º curso de Primaria e no 1º curso de Bacharelato.

Unha vez definido este marco, pasouse á escolla e á repartición dos libros de texto. Estabeleceuse a condición de que cada libro o lesen dúas persoas, que logo porían en común o seu traballo. Tratouse así de evitar ou, cando menos, mitigar o nesgo persoal e conseguir un maior aproveitamento desta fase de análise.

Por último, revisáronse todos estes informes elaborados para cada libro de texto tratando e cribando a información coa peneira das categorías temáticas xerais.

O informe final é, polo tanto, o resultado dun traballo colectivo e individual, baseado nunha metodoloxía definida e coa pretensión de acadar unhas conclusións significativas que cheguen unha nova forma de ler os libros de texto galegos, desvelando aspectos non sempre evidentes do xeito

no que estes se achegan a determinadas cuestións claves na actualidade. Como asociación ecoloxista, a escolla das categorías temáticas para a nosa análise estivo centrada en aspectos ambientais, pero non renunciamos a abordar outros que nos podían achegar unha visión máis completa da forma na que os manuais transmiten informacións ou opinións sobre o mundo.

As categorías escollidas:

O informe preséntase dividido nas categorías temáticas que escollemos para realizar a análise dos libros de texto. Cada apartado comeza cun achegamento ao concepto escollido, aborda o tratamento que realizan del os libros de texto e finaliza con algúns exemplos concretos de citas extraídas dos manuais. Estas citas foron escollidas pola súa representatividade dos enfoques adoptados nos manuais e nalgún caso pola súa singular expresividade.

- As categorías temáticas son as seguintes:
- Enerxía.
- Transporte.
- Tecnoloxía e progreso.
- Alimentación.
- Xénero.
- Cultura.
- Información e comunicación.
- Outros.

*Cada apartado
comeza cun
achegamento
ao concepto
escollido*

ENERXÍA

1.- Algunhas claves do concepto.

O concepto de enerxía é un concepto moi amplo, non só como atopamos na súa habitual definición da capacidade que teñen os corpos de producir cambios. A enerxía está en todas as formas de vida de diferentes xeitos, na fotosíntese, no vento, nas células... A enerxía compartena todos os seres vivos.

No sentido da biomímese debemos comprender os principios de funcionamento da vida en todos os seus niveis para poder entender e reconstruír os sistemas humanos de xeitos harmoniosos nos sistemas naturais. A enerxía nos sistemas urbanos, industrias e agrarios debería parecerse máis ao funcionamento dos ecosistemas naturais. A biomímese é unha estratexia de reinsertión dos sistemas humanos dentro dos sistemas naturais que funcionan a base de ciclos pechados movidos pola enerxía do sol. Polo tanto, falar de enerxía, debe ser falar de vivir do sol tanto económica como ecoloxicamente. A inesgotábel fonte de enerxía que nutre practicamente toda a vida do planeta ten que ser tamén a que mova os ciclos produtivos da economía humana.

As enerxías fósiles e nuclear estanse a esgotar ao mesmo tempo que desequilibran o clima do planeta, polo que ten que ser inexorábel formularmos un cambio da base enerxética da nosa civilización industrial. Non hai que esquecer que a produción enerxética é a principal fonte de emisión de CO₂ á atmosfera. A única enerxía reproducíbel a longo prazo ten que ser a baseada nas enerxías renovábeis apoiadas na redución da nosa dependencia e do noso consumo.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Cando se fala de enerxía, en xeral fálase de formas de enerxía (case sempre a eléctrica) ou de recursos enerxéticos. O concepto aparece asociado a progreso, modernidade, éxito, consumo... O desenvolvemento dun país sempre está ligado ao consumo de enerxía. Dáselle unha importancia excesiva, pois tendo enerxía parece que todos os problemas están resoltos. Mesmo cousas tan cuestionábeis como a “hexemonía mundial” parecen estar

O concepto aparece asociado a progreso, modernidade, éxito, consumo...



A enerxía óllase como fonte de comodidade, sen cuestionar os seus problemas.

resoltas coa extracción de recursos enerxéticos.

A enerxía eléctrica ten un especial protagonismo, pero como fonte de comodidade, sen cuestionar os seus problemas. Polo xeral, non se fala das perdas enerxéticas que supón a transformación dun tipo de enerxía a outro. Ás veces, tampouco se contempla -ou faise dun modo simplista- o problema que supón o almacenamento deste tipo de enerxía.

Non se presentan alternativas á dependencia do petróleo, como se fose a única opción. A enerxía pódese esgotar pero sempre haberá unha alternativa tecnolóxica (semella que é ilimitada). Fálase de afán de control dos recursos petrolíferos como causa dalgunhas guerras, pero non do papel da excesiva dependencia dese recurso, do seu excesivo consumo.

Dáselle á produción de enerxía un protagonismo excesivo. Considérase “imprescindible” a industria enerxética para o funcionamento do resto das industriais e para abastecer as necesidades da poboación. Dáse por suposto que as sociedades desenvolvidas precisan moita cantidade de enerxía. Aínda que o insostíbel modelo de crecemento económico que temos vai asociado á produción de enerxía, a visión sobre este concepto é economicista e materialista, non se fai unha valoración crítica do seu uso. Algúns recursos naturais sempre teñen como “utilidade máis importante” a de producir enerxía, sen valorar outras como a beleza ou o mantemento da biodiversidade.

Cando se recoñece que a mudanza climática xa está aquí, as medidas propostas enuméranse dun xeito moi vago. Insístese máis en mellorar a eficiencia que en tomar medidas de freo do consumo. Cando se trata a problemática concreta da enerxía, como medidas de aforro propóñense deseños aerodinámicos dos vehículos, illamentos, reciclaxe, e outras alternativas tecnolóxicas. De aforro -aforro de verdade- non se fala. Nalgún caso o aforro enerxético xustifícase para que as fontes de enerxía non renovábeis duren máis e non cara a unha verdadeira sustentabilidade.

Outros textos dan a entender que todos os problemas ambientais e de falta de sustentabilidade do excesivo consumo de enerxía son superados co uso das fontes de enerxías

renovábeis. Escasamente se alude ao seu impacto ambiental nin a outras consecuencias negativas do seu excesivo uso. Cométese o erro de asociar ás enerxías renovábeis cun ilimitado potencial de expansión, sen considerar que está xa a esgotarse o espazo físico onde colocar os aparellos que as producen, e que se están a danar importantes ecosistemas. Como exemplo, é recorrente a asociación de auga ou fervenzas con enerxía e ás veces considérase a auga coma un recurso inesgotábel.

Cando algúns textos contemplan os impactos ambientais negativos e o limitado do uso dos nosos recursos fano dun xeito moi superficial e sen concreción.

Cométese o erro de asociar ás enerxías renovábeis cun ilimitado potencial de expansión

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

“A extracción de petróleo e o sistema de produción capitalista fan que Estados Unidos teña a hexemonía mundial”.

Historia do mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. Anaya, 2008.

“A nosa vida sería moi distinta sen a electricidade, unha forma de enerxía moi útil, xa que se pode transformar noutras formas de enerxía e proporcionar luz, calor, movemento, imaxe, son...”

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Anaya, 2003.

Contéplase incluso o impulso que a necesidade crecente de enerxía lles dá ao desenvolvemento de novos materiais (por exemplo en Ciencias para o mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. SM, 2004; páxina 229).

“A enerxía é absolutamente necesaria para a vida e estreitamente vinculada ao desenvolvemento tecnolóxico. Resulta difícil imaxinar calquera actividade industrial moderna usando unicamente fontes de enerxía primaria. A electricidade, enerxía secundaria, é unha fonte de enerxía que ten cada día máis aplicacións. Deste xeito reduciríanse considerablemente a contaminación atmosférica e acústica”

Tecnoloxía industrial, 1º de bacharelato. McGraw Hill, 2004. (páxina 63)

TRANSPORTE

1.- Algunhas claves do concepto.

Nunha sociedade baseada no consumo, no libre comercio e na velocidade, temos os ingredientes necesarios para producir un sistema de transporte desastroso. A individualización do transporte foi en aumento nas últimas décadas, do mesmo xeito que o número de desprazamentos. O transporte é a segunda fonte de emisións de CO₂ á atmosfera e responsábel de emisións de óxidos de xofre e outros gases contaminantes. Débese fomentar o uso e a promoción de sistemas eficientes de transporte público de viaxeiros e de transportes menos contaminantes (trens, bus, bici,...) e un bo sistema ferroviario de mercadorías.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Hai unha visión global positiva do transporte individual, asociado á representación de estatus social. Na maioría das fotografías que aparecen nos libros de texto faise unha promoción (diríamos case que obscena nalgún caso) do transporte individual. Polo xeral, son moito máis abundantes as fotografías de coches que as de transportes públicos ou colectivos e son escasas as fotografías das bicis ou da xente camiñando por redondas non urbanas e polo rural. Nalgún caso, tratando especificamente o tema do transporte, observamos a total ausencia do transporte a pé, en bicicleta ou a cabalo, etc., como se estes non foran medios de transporte. Pero incluso cando existe a presenza da bici xunto ao automóbil, a bicicleta está adaptada ao coche. Ademais, detectamos unha maior presenza de vocabulario referido aos medios de transporte individual e ás súas infraestruturas que o referido aos peóns, bicis ou ao transporte colectivo.

As veces, asóciase as potentes máquinas a un estatus social. Tamén podemos ver como se poñen exemplos que lles dan protagonismo aos vehículos que representan xeitos de transporte insustentábeis. Cunha pretendida intención de achegamento á mentalidade xuvenil, o que se consegue

Hai unha visión global positiva do transporte individual, asociado á representación de estatus social



As infraestruturas viarias (estradas, autovías, etc.) sempre son vistas como algo positivo sen ter en conta o seu impacto

é reforzar as iconas que xa de por si teñen tanto poder no imaxinario da xente nova (ter moto, sacar o carné...).

En canto ao ferrocarril, atopamos que tende a valorarse en exceso a construción de novos camiños de ferro, sen poñer en valor os xa existentes. Especialmente atopamos unha sobrealoración non crítica dos ferrocarrís de alta velocidade. O único que importa é a velocidade. Non se teñen en conta outras consideracións como a destrución dos ecosistemas no trazado dos novos camiños de ferro, a perda de liñas de ferrocarril de proximidade, o maior consumo de enerxía ou a perda de capacidade de carga dos ferrocarrís.

Os textos falan tamén da aviación comercial como medio de transporte masivo, mais non se mencionan as consecuencias deste modo de transporte. É doloroso ver como algún texto pon “en valor” o desenvolvemento civil da aviación canda o seu desenvolvemento militar.

O crecemento do mundo do ocio e do turismo “ata niveis insospeitados” tamén está presente. Porén non se reflicte o que hai de insostíbel neste crecemento. Ademais aparecen como modelos de consumo os centros comerciais ou hipermercados afastados, que precisan do coche individual para o seu uso.

As infraestruturas viarias (estradas, autovías, etc.) sempre son vistas como algo positivo independentemente do seu impacto. Moitos exemplos e fotografías amósannos as autoestradas e outras infraestruturas do transporte como algo positivo, e hai gran presenza delas nos libros escolares. É frecuente que os manuais de primaria de coñecemento do medio inclúan mapas coas autoestradas, autovías, estradas principais, AVE, ferrocarril de longo percorrido, aeroportos, portos importantes, ferrocarril de arredores e metro. Esta presenza asóciase a un maior desenvolvemento e normalmente non hai unha valoración crítica dos impactos destas infraestruturas.

Fronte a todo o anterior, as referencias á redución, á promoción do transporte público ou a medidas restritivas á mobilidade (taxas de circulación nas cidades ou a súa prohibición/limitación só para residentes) son escasas e limítanse a exercicios ou textos puntuais: nun dos libros faise un exercicio de consumo para comprobar que o transporte colectivo sae máis barato; algún texto fai unha visión crítica dos combustíbeis fósiles

no transporte (“o desenvolvemento económico propiciou unha maior mobilidade das persoas e un incremento no desprazamento das mercadorías. ...isto levounos a unha maior dependencia do petróleo e incrementouse a emisión de gases de efecto invernadoiro e doutros contaminantes.” *Tecnoloxía industrial*, 1º de bacharelato. McGraw Hill, 2004; páx. 156)

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

Subliñar como lamentábel a imaxe dun coche por riba dunha praia para ilustrar o enunciado:

“Baixouvos a marea en non vos puidestes bañar”.

Lingua e Literatura, 1º de bacharelato.
Consortio Editorial. (páxina 52).

Esta promoción do transporte individual, en ocasións ten lugar sen que exista ningunha relación ca materia tratada. Por exemplo, para tratar a coordinación nerviosa nun libro de 6º de primaria, ilústrase o tema cun coche de Fórmula 1 e con este texto:

“Algunhas persoas destacan pola súa capacidade de realizar tarefas en que é imprescindible coordina-lo movemento de todo o corpo e responder rapidamente ante un cambio. É o caso dos pilotos de Fórmula 1: coordinan mans e pés, axustan o xiro á curvatura de cada curva, reducen a velocidade ou aceleran o vehículo que conducen... e todo isto en poucos segundos.”

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002.

O pensamento de que o transporte facilítanos a vida, reduce problemas, dá tempo libre, etc. está moi presente. Este pensamento fai que sexa o medio o que ten que adaptarse ás infraestruturas e non ao revés.

“As máquinas están presentes en moitas actividades da nosa vida cotiá. Facilitannos moitas das tarefas que debemos facer e tamén nos permiten gozar do noso tempo libre”.

Coñecemento do medio, 6º de primaria.
Rodeira (grupo Edebé), 2002. (páxina 59)

A promoción do transporte individual, en ocasións ten lugar sen que exista ningunha relación ca materia tratada.

**O pensamento
único capitalista
está moi
presente nos
libros de texto**

Dun xeito paralelo ao que sucedía co consumo enerxético, o crecemento dos medios de transporte menos sostíbeis vai parello ao desenvolvemento económico capitalista. Este pensamento único capitalista está moi presente nos libros de texto:

“O dinamismo máis espectacular deuse na industria do automóbil, sobre todo na estadounidense. [...] arrastraba outros sectores como a siderurxia, a extracción de petróleo, a petroquímica, ou a fabricación de vidro e de pneumáticos.”

Historia do mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. Anaya, 2008. (páxina 228)

En ocasións preséntase o sucedido nalgunhas partes do mundo e para uns sectores de poboación como universal. Así, ao tratar a fin das crises de mortalidade:

“[...] espectacular incremento dos alimentos, dispoñibles estes últimos en todas as partes grazas aos avances nos medios de transporte, elemento que non so redistribúe os recursos alá onde son precisos, senón que abarata os seus prezos.”

Historia do Mundo Contemporáneo, 1º de bacharelato. Xerais, 2002. (páxina 52)

TECNOLOXÍA E PROGRESO

1.- Algunhas claves dos conceptos.

Tecnoloxía e progreso son dous conceptos clave na construción dos discursos políticos e económicos dominantes dende e sobre a nosa sociedade. Teñen unha presenza central nas explicacións da evolución histórica e características actuais das diferentes rexións do mundo. Entre eles establécese ademais unha forte relación de proporcionalidade directa, na que ámbos os dous elementos do binomio poden recibir a etiqueta de causa ou consecuencia da súa contraparte, segundo o que interese resaltar en cada momento.



Pero, que contidos e connotacións son os que se inclúen nestes conceptos?

Poderíamos dicir que aparecen habitualmente asociados a un modelo produtivo industrial e urbano e ao sistema económico capitalista. Serían, polo tanto, os países ricos, urbanizados, industrializados e capitalistas os seus mellores expoñentes.

A concepción imperante sobre a tecnoloxía propón que é causa e síntoma da riqueza dun país e mutatis mutandis da súa cidadanía. Así mesmo, a tecnoloxía facilita a vida e permite superar problemas, incluso aqueles causados por anteriores tecnoloxías. É, en definitiva, necesaria para o pleno desenvolvemento da vida humana.

A idea de progreso está paradoxicamente moi asociada á tradición, a unha tradición baseada nunha visión teleolóxica da evolución histórica. O mundo camiñaría cara a un fin, seguindo unha lóxica preestabelecida, que no caso do capitalismo levaría cara a algo así como un constante perfeccionamento que permita, por unha banda, satisfacer as crecentes demandas da poboación e, pola outra, o constante aumento dos beneficios empresariais. Pode comprobarse que non é precisamente doado coñecer que contidos reais ten ese camiño e talvez por iso sexa habitual que o seu discurso xustificativo conteña abondosas ambigüidades, indefinicións e incluso abertas contradicións.

Son conceptos asociados a un modelo produtivo industrial, urbano e capitalista.



Hai que desterrar a idea de que a tecnoloxía é un valor per se

Para limpar estes conceptos do seu contido arriorístico e intrumentalizado habería que desterrar a idea de que a tecnoloxía é un valor per se. A tecnoloxía debería estar ao servizo da mellora de aspectos básicos da vida humana, non da creación de novas necesidades ou demandas accesorias e sempre debora ter en conta as consecuencias sociais e ambientais da súa produción e utilización. En canto ao progreso, habería que aclarar cal é o seu significado: a quen lle afecta, canto pode durar, sobre que parámetros pode medirse, se ten necesariamente que implicar aumentos de produción ou riqueza monetaria, etc. Por último, sería preciso ter moi en conta que existen límites naturais aos que a humanidade non pode ser allea.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Os manuais responden a un esquema xeral que parte dos deseños curriculares establecidos polas administracións. Isto implica a presenza de abondosas similitudes entre eles no enfoque co que se presentan ámbos os dous conceptos. A maior destas similitudes quizais non se produza tanto entre os elementos presentes como entre as ausencias, xa que ningún dos manuais analizados lle propón un modelo alternativo ás explicacións dominantes ao respecto do papel e significado de tecnoloxía e progreso. En todos aparecen asociados a un modelo tecnolóxico industrial propio das potencias económicas do Norte e a un ideal de crecemento económico baseado nun sistema capitalista de libre mercado.

Porén, os manuais non están exentos de matices e de certas referencias críticas ás consecuencias negativas deste padrón de desenvolvemento, con máis presenza no curso de 1º de Bacharelato polo maior grao de complexidade dos seus contidos. Estas referencias poderían contribuír a unha visión menos estereotipada dos conceptos analizados, máis fonda, reflexiva e complexa, mais un problema xeral é a falta de coherencia á hora de tirar conclusións delas. Preséntanse contradicións pero estas quedan sen resolver. As cuestións problemáticas non se superan dun xeito analítico senón por outros factores menos rigorosos. A propia disposición dos elementos críticos ou alternativos ao discurso básico, situados nas marxes dos temas ou concentrados cara ao final do temario,

marca a escasa importancia que se lles outorgan os libros de texto. A consecuencia é que o tratamento de conceptos como os de tecnoloxía e progreso están tinguidos dunha forte carga de apriorismo idealista, na liña dos discursos políticos e económicos imperantes e pérdese a capacidade de analizar as súas implicacións reais, natureza ou consecuencias. En moitas ocasións, perden incluso a súa condición de substantivos para desempeñar unha función adxectivadora que permite categorizar as diferentes sociedades do mundo en base á maior ou menor adopción de trazos asociados a eles.

A tecnoloxía como resposta a unha demanda e como solución a un problema.

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

É habitual que se presente a tecnoloxía como resposta a unha demanda e como solución a un problema. Tamén é habitual que apareza a propia tecnoloxía como un suxeito activo nas oracións, xerando ela mesma a demanda á que unha nova tecnoloxía lle dará satisfacción. Pero en ningún manual quedan claras cuestións como: que sectores da poboación son os que demandan; se esa demanda é realmente unha demanda natural, para satisfacer necesidades básicas, ou non; que empresas ou intereses obteñen beneficios da implementación dunha nova tecnoloxía; en que medida os problemas que resolve a tecnoloxía eran problemas da poboación ou problemas das empresas para expandir a súa actividade, etc.

“Na Idade Contemporánea producíronse importantes inventos en tódolos campos. Estes inventos cambiáronnos de tal xeito a vida que sen eles non saberíamos que facer. Así, o motor de gasolina, o teléfono, os ordenadores... produciron grandes melloras na agricultura e na industria, nos transportes, nas comunicacións e na nosa vida cotiá.”

Coñecemento do Medio, 6º de primaria.
Obradoiro, 2002. (páxina 182)

“Tal vez nun prazo de 15 anos, teñamos compañeiros (irmáns sintéticos) que nos axuden á toma de decisións importantes.”

Tecnoloxía Industrial 1, 1º de bacharelato.
Mc Graw Hill, 2004. (páxina 62)

“O crecemento da poboación foi un factor esencial no

Non adoitan explicarse as implicacións negativas da tecnoloxía, ou se acaso dun xeito moi superficial

progreso económico e industrial, xa que, a maior poboación, maior demanda de produtos; se a poboación non aumenta, o crecemento industrial pódese frear ou paralizarse (...)

Historia do Mundo Contemporáneo, 1º bacharelato. Anaya, 2008. (páxina 45)

Non adoitan darse explicación pausadas e fondas das implicacións negativas da tecnoloxía e, de aparecer algo negativo asociado a ela, adoita facelo dun xeito marxinal e superficial no conxunto da explicación.

“Actualmente lévanse a cabo estudos dos xenomas doutros animais e plantas. Con iso espérase conseguir plantas que produzan mellores froitos, que resistan mellor as pragas, ou que se adapten mellor aos solos pobres.

A manipulación dos xenos dalgúns animais permitirá mellorar a súa produción de carne ou de leite, ou facelos máis resistentes a ambientes desfavorables.

E si se utilizara ben, permitiría resolver o problema da fame e reducir as desigualdades económicas entre os países do noso planeta.”

“Non todas as persoas pensan que os avances científicos fan que o mundo sexa mellor. A pesar deses avances, segue habendo guerras, fame, analfabetismo...”

Coñecemento do Medio, 6º primaria. Anaya, 2003. (páxinas 100-101)

Neste mesmo libro, no tema II, dedicado á revolución industrial, tras vinte e sete (27) páxinas recollendo as súas vantaxes, só aparecen seis liñas que abordan impactos negativos deste proceso. O modelo tecnolóxico e de progreso é sempre o mesmo.

“A industria, motor do desenvolvemento”

Historia do Mundo Contemporáneo, 1º bacharelato. Anaya, 2008. (páxina 228)

E o progreso correspóndese cun sistema económico de capitalismo industrial e ademais cos nosos parámetros culturais.

“A electricidade é tan necesaria que se falta nos nosos fogares durante moitas horas prodúcense graves problemas. De feito resúltanos difícil imaxinar que aínda existen moitos lugares no mundo que non dispoñen de subministración eléctrica nas vivendas.”

“Na actualidade, o continente europeo ofrécelle ó mundo unha cultura milenaria e un modelo de desenvolvemento e de paz.”

Coñecemento do Medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002. (páxina 69 e páxinas 115-116)

Hai que salientar, por último, o binomio tecnoloxía–militarismo, onde, esquecendo por completo as perdas humanas e os impactos ambientais, se enuncian as vantaxes dunha contenda como a Segunda Guerra Mundial.

“O mesmo que ocorreu durante a Gran Guerra, a Segunda Guerra Mundial impulsou importantes novidades tecnolóxicas: produción a grande escala de penicilina e novas fibras téxtiles, coma o nailon para fabricar paracaídas, utilización dos primeiros e rudimentarios ordenadores; uso de enerxía nuclear, etcétera.”
(A orixe bélica neste caso parece positiva)

Historia do Mundo Contemporáneo, 1º
Bacharelato, Ed. Anaya (pax. 289)

Enténdese como positivo para o “progreso” o binomio tecnoloxía–militarismo

ALIMENTACIÓN

1.- Algunhas claves do concepto.

Os alimentos son produtos relacionados directamente co medio ambiente e, por iso, coa agricultura e coa gandería, polo que repercuten directamente na redonda. Os modelos de produción agrícola e gandeira ligados ao desenvolvemento industrial e á revolución verde contribúen á contaminación do solo, da auga e da atmosfera e son nocivos para a biodiversidade. Ademais, o sistema de produción existente non deixa opción e elimina a soberanía alimentar.

Unha alimentación sostíbel e que teña en conta a soberanía alimentar dos pobos respectaría a natureza e o benestar animal. A opción dunha alimentación sostíbel debe ser unha acción ambiental urxente en todo o mundo. Para iso débese educar nunha alimentación local, de tempada e ecolóxica.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Nos libros de texto analizados, a agricultura e gandería miden a súa importancia en niveis de efectividade, de produción para comerciar -non para comer-, non se ten en conta a soberanía alimentar e a visión é sempre dende o primeiro mundo. Fálase de “proteccionismo económico” dos produtos agrarios para evitar a ruína do sector agrario. Non de “soberanía alimentar”.

Non se fai mención á conveniencia de fuxir dos alimentos precociñados en beneficio dos frescos nin aos envases dos alimentos nin á agricultura ecolóxica. Ao contrario, atópase que se xustifica a comida rápida polo modelo de vida. Case sempre se amosa unha artificialidade dos alimentos, converténdoo en produtos.

Sempre que se tratan os alimentos transxénicos nestes libros, só se fala das súas vantaxes e a maior produción de alimentos para paliar a fame no mundo. Sempre a información é superficial e simple, menosprezando os riscos destes alimentos. E, por suposto, non se teñen en conta a desvinculación coa terra nin os

Conceptos asociados a un modelo produtivo industrial, urbano e capitalista.



límites ecolóxicos. Desvirtúa a alimentación como necesidade: convértese en industria, isto é, sobreproducción e negocio.

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

De todo menos soberanía alimentar:

Promociónan as multinacionais e a omisión do impacto que xeran na redonda socioambiental

“Actividades económicas: no continente europeo obtéñense os rendementos agrarios máis altos de todo o planeta, debido á elevada especialización e tecnificación tanto da agricultura como da gandería. A súa industria é moi importante e está moi diversificada. Os servizos son o sector económico máis relevante e dinámico, especialmente os transportes, o comercio e o turismo.”

Coñecemento do Medio, 6º de primaria.
Obradoiro 2002 (páxina xx?)

A promoción das multinacionais e a omisión do impacto que xeran na redonda socioambiental:

“Na actualidade hai grandes empresas que non se limitan a desenvolver-las súas actividades nun único país. Son as empresas multinacionais. As multinacionais teñen instalacións (fábricas, oficinas ou establecementos comerciais) en numerosos países e moven enormes cantidades de diñeiro. As grandes empresas multinacionais controlan o mercado da alimentación, dos vehículos de transporte e das comunicacións.” (acompañado de dúas fotos de Mcdonald’s)

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002.

Nos apartados “Os alimentos transxénicos” e “Aplicacións e riscos dos OMX” defínense e fálase unicamente da súa etiquetaxe e aplicacións. Os riscos quedan nun segundo plano: no subapartado no que aborda os riscos, empeza dicindo “A pesar das súas indubidables vantaxes...”; e cando fala dos riscos para a saúde, di: “Ata o momento só están descritos problemas alérxicos derivados fundamentalmente da falta de información na etiquetaxe”

Ciencias para o mundo contemporáneo,
1º de bacharelato. SM, 2004.

A defensa e promoción dos transxénicos é patente no apartado do “O xenoma humano” ao falar da manipulación xenética de plantas e animais:

“Actualmente lévanse a cabo estudos dos xenomas doutros animais e plantas. Con iso espérase conseguir plantas que produzan mellores froitos, que resistan mellor as pragas, ou que se adapten mellor aos solos pobres”.

“A manipulación dos xenes dalgúns animais permitirá mellorar a súa produción de carne ou de leite, ou facelos máis resistentes a ambientes desfavorables”.

“E si se utilizara ben, permitiría resolver o problema da fame e reducir as desigualdades económicas entre os países do noso planeta”.

“Os cidadáns debemos esixirlles aos gobernos que os resultados destes traballos se apliquen para mellorar as condicións de vida das persoas máis desfavorecidas.”

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Anaya, 2003.

E de sobremesa, comida rápida para un unha sociedade estresada...

“O ritmo de traballo provocou que aumenten as comidas fóra da casa. Por iso medrou o número de restaurantes, sobre todo de establecementos de comida rápida: hamburgueserías, pizzas, bocadillos, etc”

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002.

**A manipulación
xenética e os
OMX son moi
positivos**

O XÉNERO. A MULLER NOS LIBROS DE TEXTO.

1.- Algunhas claves do concepto.

Nos últimos anos estamos vivindo nun contexto histórico no que parece que se están a facer numerosos avances na visualización e recoñecemento do papel da muller en relación co medio ambiente, mais tamén con tódolos aspectos da vida: laboral, cotiá, sanitario, etc. Isto non é tan certo se imos ao fondo da cuestión.

Apesardas novas leis en materia de xénero, das intencionalidades políticas e ata do recoñecemento, por citar algún organismo, do Banco Mundial, no ano 2002, de que a igualdade de xénero é fundamental para as economías dos países, a realidade apunta cara a outros lugares, se miramos o mundo dende unha perspectiva de xénero – ou se nos colocamos as lentes violetas -, xa que os avances acadados ata o de agora non van ás raíces do problema, non o pretenden solucionar. O recoñecemento real do que as mulleres lle achegaron, achegan ou lle poden achegar á supervivencia e ao desenvolvemento das sociedades é moi limitado.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Os contextos socioculturais e educativos son, en boa parte, os que determinan as relacións de xénero e actualmente na nosa sociedade estanse a inculcar valores patriarcais e con marcadas diferenzas entre xéneros dende o berce, que van influír nas actitudes futuras de homes e mulleres. Dentro dunha multiplicidade de aspectos que transmiten ou reforzan estes valores, mestúranse dende as cores da roupa e complementos das recién nacidas, pasando polos xoguetes, os roles nenona e as actitudes parellas con cadanseu, ou a linguaxe utilizada, na que o masculino é o termo neutro, sen analizarse que as linguaxes veñen adaptándose aos avances sociais e que o uso dunha linguaxe menos machista non debe ser algo excepcional.

Incúlcanse valores patriarcais e con marcadas diferenzas entre xéneros



Confírmase a situación de inmovilidade socioeducativa ao respecto das cuestións de xénero

Na chegada aos centros educativos esta realidade segue viva e non só na aprendizaxe de linguas masculinizadas. Os contidos curriculares que se estudan ao longo dos primeiros anos de vida de calquera persoa non chegan a ver a forza e a relevancia que as mulleres tiveron ao longo da historia, quedando en termos xerais invisibilizadas ou ocupando, no mellor dos casos, un papel secundario ou anecdótico nalgún tema dalgún libro de historia ou de filosofía.

A análise realizada cos libros de texto traballados para este proxecto non fai máis que confirmar esta situación de inmovilidade socioeducativa. Como exemplo, existe unha absoluta invisibilidade da muller nos textos de economía, tanto no proceso produtivo coma nas mencións á man de obra barata, xa que son elas as peor pagadas. A normalización coa que enfocan a globalización económica e o factor produtivista de multinacionais e estados merma as posibilidades de crítica ante problemáticas socioambientais xeradas polo sistema, factor que prexudica enormemente a visibilización do papel da muller. A dobre xornada, a receptora de menor salario polo mesmo traballo, a coidadora, explotada sexualmente, nos países ricos e a procuradora de recursos de subsistencia, administradora, novamente explotada sexualmente, etc, nos países pobres.

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

A visión global que fan do mundo todos os libros analizados é nesgada e dirixida dende os centros económicos e dende as sociedades occidentais, ocultando, dalgún xeito, outras realidades e sociedades, nas que é precisamente a muller o chanzo máis débil e coa maior problemática.

Unha conclusión do seu tratamento é a medida da importancia da agricultura en niveis de efectividade e de produción, negando a posibilidade dunha verdadeira soberanía alimentar, termo moi relacionado co papel das mulleres e que podería ser un verdadeiro avance para superar desequilibrios inxustos. Así é tratada esta cuestión por exemplo no libro de Economía, 1º de bacharelato, Vicens Vives, 2005.

Nin ao abordar a gramática, dentro da morfoloxía nominal, nin ao facelo coa semántica, hai unha reflexión sobre a utilización

sexista da linguaxe. Isto sucede nos manuais de Lingua e Literatura, tanto o da editorial Xerais como o do Consorcio Editorial.

Utilización da palabra home para referirse ao ser humano. Exemplo: “un tipo de saber que trata de satisfacer la curiosidad que siente el hombre ante lo que le rodea.”

Filosofía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2003.

Equipárase sufraxio masculino con sufraxio universal. Por exemplo, nun dos textos abórdase o movemento cartista inglés:

“elaborou a Carta do Pobo, na que se reclamaban, entre outras reivindicacións, o sufraxio universal masculino”.

Máis adiante xa identifica unha cousa coa outra:

“Foi o primeiro movemento organizado en favor do sufraxio universal que demostrou como amplas masas de traballadores podían organizarse...”

Historia do mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. Anaya, 2008.

O tratamento que se fai en case todos os textos sobre a muller queda reducido a mencións anecdóticas ou directamente á súa invisibilización. Parece ser que a muller non contribuíu en ningunha medida ao longo da historia. Néganse realidades como que a persoa que escribiu a primeira obra considerada unha novela no mundo foi unha muller -Murasaki Shikibu-; que o libro considerado como base da medicina, Libro de medicina composta, foi escrito por Hidegarda de Bingen; que a introdución da física no campo do coñecemento científico deuse co libro Institutions, escrito por Emilie de Breteuil; que Alice Guy-Blanche foi quen realizou a primeira película con argumento na historia do cinema ou que a única persoa en recibir o Premio Nobel en dúas disciplinas diferentes foi unha muller, Marie Slodowska Curie.

Todos os economistas históricos representados graficamente son homes, os operarios de industria aparecen representados claramente diferenciados por sexos e as imaxes de políticos, membros do BM, OMC, etc, son homes (Economía, 1º de

Emprégase a cotío a palabra “home” para referirse ao ser humano

A invisibilización da aportación da muller en todos os campos é sistemática

bacharelato, Vicens Vives, 2005).

Noutro dos libros, no apartado “Punto de partida: a revolución do ADN”. Fala de Watson e Crick como os descubridores da estrutura molecular do ADN. Non estaría de máis mencionar a persoa que obtivo as primeiras imaxes da difracción de raios X do ADN (que se coñecen como “fotografía 51”). Estas imaxes -que eles utilizaron sen o permiso da súa autora, Rosalind Franklin- foron as que serviron como fundamento para a hipótese da estrutura dobre helicoidal do ADN (Ciencias para un mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. SM, 2004).

Simplifícanse os papeis xogados polos movementos sociais, entre os que está o da muller, relegándoos a meras protestas e obviando todo o traballo desenvolvido polas mulleres dende o século XVIII. Nun dos manuais, no apartado adicado á Idade Contemporánea:

“No aspecto social, o noso continente presenciou os primeiros movementos pacifistas, ecoloxistas, feministas, estudiantís, etc. En xeral, todos eles buscaban coas súas protestas un cambio social ou político.”.

Coñecemento do Medio, 6º de primaria. Anaya, 2003.

Noutro texto as biografías presentadas contan cun claro nesgo de xénero, tanto no logo escollido para representalas, a silueta dunha cara masculina, como no diferente protagonismo de mulleres e homes. Só catro están dedicadas a mulleres: Catalina II e Mª Teresa de Austria (pax. 22), E. Pankhurst (pax. 102), R. Luxemburg (pax. 127). Mentres, as adicadas a homes son en total cen (Historia do Mundo Contemporáneo, 1º de bacharelato, Xerais).

Inculcar dende o nacemento actitudes relacionadas co sexo que che toca é un asunto real e actual: dende o rosa para a nena e o azul para o neno ata a maneira de amosar cariño ou de relacionarse están tan inmersos na nosa sociedade que se vai transmitindo de xeración en xeración de forma involuntaria. E así se fai, voluntaria ou involuntariamente, nos libros de texto, normalizando unha situación de diferenciación pouco favorecedora da igualdade de xénero.

“A ciencia e os seus métodos”. “Un problema de investigación:

é o rosa unha cor feminina?” Alude a un estudo publicado no 2007, no que se chega á conclusión de que o rosa é unha cor feminina. Non analiza en absoluto as eivas do estudo: faise con poboación adulta, eminentemente occidental e cunha mostra de 171 persoas. Para ilustrar o estudo, unha fotografía dunha nena, vestida de rosa caramelo e abrazando unha boneca (Ciencias para un Mundo Contemporáneo, 1º de bacharelato. SM., 2004).

Pero algo temos avanzado oficialmente nos últimos anos. Non tanto en cuestións de ambiente ou de soberanía alimentar, tampouco no recoñecemento e procura de solucións reais e efectivas ou resolutivas, pero si, cando menos, nas imaxes e puntos de vista que recibe o alumnado, aínda que sexa de forma casual. Todos os anos de loita e procura de melloras no papel da muller no mundo traen avances e non se poden negar, hoxe en día, realidades xa normalizadas.

No ámbito laboral temos algunha imaxe máis paritaria, como a de representar as persoas executivas ou dedicadas á investigación tanto con homes coma con mulleres, e mostrar homes facendo tarefas domésticas (Libro de Economía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2005).

Tamén algún manual aborda a problemática relación da muller co mundo laboral nos países empobrecidos. Por exemplo, dálle un espazo ao tema “a muller nos países en vías de desenvolvemento”, ilustrándoo con imaxes de mulleres e nenas collendo auga. Noutro apartado, “a muller no traballo”, aparecen imaxes de mulleres asiáticas traballando nunha fábrica téxtil como exemplos de deslocalización produtiva (Ciencias para un mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. SM, 2004).

Por último, dentro dos aspectos positivos, habería que citar que nun texto de filosofía apareza un oco para recoller o papel da muller, aínda que o negativo sería a súa posición marxinal dentro do conxunto do temario, que o reduce a unha mera referencia anecdótica. Así sucede co tema “La mujer en la filosofía española del siglo XX”, no que se inclúe ademais un cadro de referencia que nomea a autoras como María Zambrano, ou Celia Amorós (Filosofía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2003).

*As imaxes
adoitan
ser máis
“políticamente
correctas” que
os textos*

CULTURA

1.- Algunhas claves do concepto.

A cultura é un concepto tan xeral como central na definición das sociedades humanas. A cultura está a mediar en toda acción ou representación, individual ou colectiva, dos seres humanos. Outorga sentido, significatividade e pautas para actuar ou mesmo interpretar calquera feito social. Pero a cultura é, ademais dun concepto universal, a plasmación concreta que cada sociedade fixo ou continúa a facer desa cualidade humana. Hai, polo tanto, no mundo unha gran variedade de culturas, tanto nun sentido sincrónico como diacrónico. Esta diversidade leva á construción de múltiples relacións de semellanza ou oposición que van establecendo os grupos e individuos no seu proceso de definición cultural.

Cando se pretende abordar a diversidade cultural poden aparecer dúas posturas extremas. Por unha banda, o relativismo cultural, que suspende todo xuízo sobre culturas alleas ao consideralas respostas a realidades e necesidades diferentes e polo tanto só valorábeis dende a súa lóxica interna. Por outra banda, o etnocentrismo realiza a operación contraria, xulgando toda cultura baixo os parámetros da que é propia. O resultado de tal xuízo ten que ser en boa lóxica que a cultura propia é a que mellor cumpre estes parámetros, aparecendo así como a cultura central, cando non a única viábel e/ou desexábel. O etnocentrismo sempre implica xerarquización.

2.- Tratamento nos libros de texto.

Se ben é certo que os libros de texto analizados defenden a existencia da diversidade cultural e mesmo critican explicitamente o etnocentrismo, tamén o é que moitos dos seus contidos poderían ser calificados de etnocéntricos nun dobre aspecto. Existe neles un notorio eurocentrismo, restrinxido ademais a certa cultura urbana propia dos países occidentais. Xunto a el dáse tamén unha visión moi teleolóxica do evolucionar das sociedades humanas. O presente aparece como a culminación dun proceso de lóxico perfeccionamento que

Marcado eurocentrismo, restrinxido ademais a certa cultura urbana occidental.



arrincaría xa do ámbito da Grecia clásica. As sociedades actuais dos países occidentais, industriais e enriquecidos e os aspectos culturais a eles asociados son definidos dun xeito máis ben implícito como modelo e padrón dunha especie de excelencia cultural, convalidábel para calquera recuncho do planeta.

As sociedades occidentais preséntanse implicitamente como modelo e padrón dunha especie de excelencia cultural

Os aspectos negativos desta cultura son silenciados. Mesmo a propia complexidade cultural europea se reduce a unha proposta global na que se mesturan trazos do modelo urbano contemporáneo, tradicións intelectuais, unha base cristiá e aspectos como a defensa dos dereitos humanos e a paz. O diverso e problemático queda fóra do cadro.

Poderíase dicir que os manuais superaron un discurso sobre a cultura marcado pola etapa franquista, cheo de referencias dun nacionalismo español baseado en conceptos como a raza ou a relixión, para apuntar cara a un novo referente, unha visión idealizada do modelo cultural que se presupón propio das democracias liberais, occidentais e industrializadas e, nomeadamente, dunha suposta esencia cultural europea.

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

Sinálase a diversidade cultural europea, pero faise fincapé nos elementos que a homoxeneizan, presentando só os aspectos positivos e ocultando os problemáticos:

- “Na Idade Moderna produciuse o descubrimento de América e, a partir dese momento, entrou en contacto cun continente ata entón descoñecido para os europeos.

-Trala Revolución francesa, a comezos da Idade Contemporánea, os países europeos foron adoptando e defendendo os dereitos e liberdades das persoas.

Na actualidade, o continente europeo ofrécelle ao mundo unha cultura milenaria e un modelo de desenvolvemento e de paz.”

Coñecemento do medio, 6º primaria. Obradoiro, 2002.

No mesmo manual os grandes feitos do século XX e principios do XXI están exclusivamente relacionados coa historia de Europa e os EE.UU.

Trasládase a imaxe dunha supremacía da civilización europea asociada aos avances tecnolóxicos. Valórase a sobreproductividade e minimízanse as consecuencias negativas.

“A agricultura dos países europeos é unha das máis tecnificadas do mundo. Utiliza de forma masiva os fertilizantes e pesticidas, a maquinaria moderna, a selección de sementes, o cultivo en invernadoiros... Todo isto, permitiu, nos últimos anos, aumentar a produtividade, aínda que sexa a conta dun maior impacto ambiental.

Os sectores industriais en Europa son moi variados debido ós avances tecnolóxicos.”

Cofecemento do medio, 6º de primaria.
Rodeira (grupo Edebé), 2002.

Destaca a ausencia doutras culturas e a imaxe totémica da tecnoloxía como o elemento imprescindible para unha vida óptima. Así aparecen foguetes espaciais e ordenadores para ilustrar a idade contemporánea.

Ofrécense conceptos ambiguos de “vida” e “necesidades básicas” e da contradición entre estas e a filosofía.

“A preocupación filosófica aparece no momento no que a vida está resolta, cando as necesidades básicas xa están cubertas, (primun vivere deinde philosophare) (...)”

Filosofía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2003.

Existe unha equiparación entre tecnoloxía e cultura industrializada e occidental (U.E.) recollida por exemplo no manual de Tecnoloxía Industrial 1, de 1º de bacharelato. Mc Graw Hill, 2004.

Aínda que tamén hai ocasións nas que os manuais presentan unha referencia á diversidade cultural dun xeito máis positivo.

“A cultura humana non é algo único e uniforme, senón que cada grupo humano posúe modos de ser e vivir propios”.

Filosofía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2003.

Así mesmo, falando do etnocentrismo, sinala: “(...) se ben esta

**Destaca a
ausencia
doutras culturas
e a imaxe
totémica da
tecnoloxía**

Hai algún interesante achegamento ao concepto de ecoloxía lingüística e ao valor da diversidade lingüística e cultural

actitude negativa cara a pluralidade cultural dáse na maior parte de sociedades, está moi arraigada na sociedade occidental.”

Outra salvedade positiva é un interesante achegamento ao concepto de ecoloxía lingüística e ao valor da diversidade lingüística e cultural asociada a unha mellor relación das persoas co seu medio.

“A diversidade lingüística ten a súa orixe na forma específica que cada sociedade ten de relacionarse co medio natural que a rodea e que xera unha cultura material adaptada a este. Outros factores determinantes son de tipo histórico e xeográfico, como as colonizacións e as migracións.

“O proceso denominado globalización presenta tendencias uniformizadoras que petan coa realidade dun mundo plural. A diversidade é a característica que define as manifestacións culturais e lingüísticas da humanidade. Cada unha das linguas en que se plasma esta diversidade corresponde a expresión dunha identidade colectiva, a unha maneira específica de estruturar e aprehender a realidade.”

Lingua e literatura, 1º bacharelato. Consorcio Editorial.

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

1.- Algunhas claves dos conceptos.

Tanto información como comunicación son substantivos empregados nos últimos tempos con tanta frecuencia como ambigüidade. Ambos deberían ter uns trazos máis delimitados para gañar en validez e honestidade. Conceptos como os de sociedade da información, da comunicación ou incluso do coñecemento, acadaron un éxito que non lle corresponde a un contido substancial tan impactante como o seu título pregoa.

Toda información precisa para ser significativa non só dunhas características lingüísticas determinadas, senón tamén uns criterios de construción e certa repercusión social. A comunicación para ser completa require, á marxe dunha mensaxe e dun medio, cando menos de dous polos, emisor e receptor, intercambiabéis nos seus papeis para crear unha posibilidade bidireccional na expresión e recepción. Se analizamos as aplicacións que se fan actualmente de ambos conceptos, o certo é que abundan as vaguidades e as contradicións, moitas delas nada inocentes.

2.- Tratamento nos libros de texto.

A comunicación preséntase asociada exclusivamente ao uso da tecnoloxía, como se non existise a comunicación presencial entre os seres humanos, como se precisásemos ter unha máquina interposta para poder comunicarnos.

A información tamén aparece asociada á tecnoloxía. Saliéntase dun xeito desorbitado o medio e non se fai referencia ao contido (o medio é a mensaxe?). Ocúltanse outros valiosísimos modos de transmisión da información. Do mesmo xeito que non se distingue entre o valor da información sobre a realidade próxima, sobre a que se pode actuar, e a realidade afastada, sobre a que non se pode actuar. Non se fai referencia a que unha inmensa cantidade de información que se recibe e que non se pode aplicar na redonda concreta das persoas receptoras convértese en ruído.

*Mercado
eurocentrismo,
restrinxido
ademais a certa
cultura urbana
occidental*



Non existen referencias á manipulación da información a través dos grandes medios de masas.

Non existen referencias á manipulación da información a través dos grandes medios de masas. A información preséntase como a grande solución para os problemas, sen analizar quen ofrece a información, quen a controla, que fins persegue, etc. Emprégase de xeito sinonímico os termos información e comunicación sen ter en conta a unidireccionalidade ou bidireccionalidade deles.

Preséntase de maneira acrítica a velocidade da información como unha panacea. Non se cuestiona a súa caducidade. Aparece ensalzada a velocidade como un valor en si, deostando a lentitude. Información = comunicación = tecnoloxía = velocidade = progreso.

3.- Exemplos extraídos dos manuais.

Mostras da identificación entre tecnoloxía e comunicación.

A gran velocidade das comunicacións:

A tecnoloxía actual permite comunicarse case instantaneamente con calquera lugar do mundo. A través da radio ou da televisión chégannos voces e imaxes en directo de lugares moi afastados.

Ó redor da Terra hai centos de satélites de comunicación que levan estes sinais de son e imaxe dunha parte a outra do mundo.

Isto non só nos permite recibir noticias, senón tamén coñecer a existencia de tormentas e anticipar os seus efectos, avisando ás poboacións afectadas. Ademais, facilita o transporte aéreo e a navegación marítima."

A comunicación móbil.

Ata hai pouco, as comunicacións dependían de cables. Hoxe, os sinais de radio viaxan polo aire e chegan a calquera parte do mundo a unha enorme velocidade."

Os ordenadores son cada vez máis potentes.

O século XX foi testemuña do nacemento dunha nova tecnoloxía: a informática. Esta técnica basease no emprego dunhas máquinas, chamadas ordenadores, que manexan enormes cantidades de información."

A Internet e o correo electrónico.

Esta “arañeira” de conexións entre ordenadores chámase Internet. Mediante Internet podemos buscar, traer, levar e gardar información.”

Coñecemento do medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002.

Total identificación entre comunicación e información.

“Os medios de comunicación, que proporcionan información instantánea do que sucede en calquera lugar do mundo.(...) Os medios de comunicación son fundamentais na nosa sociedade, e inclúen radio, prensa, televisión, teléfono e Internet.”

“A prensa diaria e as revistas son os medios de comunicación social máis antigos, aínda que durante moito tempo eran moi poucas as persoas que as lían. Na actualidade en España le diariamente a prensa case a metade da poboación.”

Coñecemento do medio, 6º primaria. Anaya, 2003.

O propio tratamento da información dos libros de texto é maioritariamente, como se demostra nos distintos apartados deste estudo, nesgado, non localizado na nosa redonda e dirixista. Aínda que existen algúns espazos para o intercambio e construción da propia información. Como exemplo esta actividade:

“Facede no encerado un cadro coma o seguinte e completádeo entre todos: construír un encoro, vantaxes, desvantaxes.”

Coñecemento do medio, 6º primaria. Anaya, 2003.

Tamén hai certas excepcións nas que podemos atopar outra visión alternativa ao que se valoriza como información, por exemplo, ao presentar a diversidade lingüística como un tesouro que contén unha gran cantidade de información que a humanidade non pode desprezar nin se pode permitir perder, tal como fai o manual de Lingua e Literatura, 1º de Bacharelato, do Consorcio Editorial.

**O propio
tratamento da
información
dos libros de
texto é nesgado
e dirixista**

OUTROS ASPECTOS

1.- Algunhas claves do concepto.

Dentro deste estudo do currículo oculto antiecolóxico dos libros de texto atopamos algunhas cuestións de importancia que non cadaban ao cento por cento dentro dunha das clasificacións da matriz que utilizamos. Por iso decidimos facer un apartado titulado “Outros aspectos” no que comentaremos estas cuestións dificilmente clasificabéis noutro apartado.

2.- Tratamento e exemplos extraídos dos libros de texto.

a) Os animais non humanos son antropizados:

Hai unha tendencia clara a pór textos nos que os animais non humanos aparecen con características humanas (maldade, inimizade, crueldade, arrogancia...). Aínda que esta fórmula narrativa tan propia dos contos e fábulas non é mala en si mesma, o seu emprego en combinación coa ausencia dunha asunción dos valores dos seres vivos non humanos en canto tal conduce a que en troques de fomentar a sensibilidade de cara á natureza o que se afonda é unha visión antropocéntrica sobre ela.

“Pelexou o galo cun poliño que, aínda que non tiña esporóns moi grandes, deuse tal maña na pelexa que deixou o galo desplumado. Este, en vez de confesar a súa derrota, saíu dicindo con arrogancia, con tempo este polo chegará a ser un bo galo, pero aínda é moi novo e deume mágoa facerlle mal.”

Lingua galega, 6º primaria. Anaya, 2002. (páxina 85)

b) O ser humano como máquina consumidora e produtora:

O consumismo sobre o que se asenta o sistema económico capitalista xera unha visión do ser humano empobrecedora, reducindo as súas cualidades a aquelas que poden obter resposta no mercado, por ser estas as potenciais xeradoras

Marcado eurocentrismo, restrinxido ademais a certa cultura urbana occidental.



**Hai un
tratamento
totalmente
superficial e
sen profundar
nas verdadeiras
causas dos
problemas,
fuxindo da
complexidade**

de beneficio empresarial. Pero o ser humano nunca será só un ser consumidor dentro dunha lóxica económica determinada e os libros de texto deberían asumir unha base humanista que facilite unha comprensión real e vizosa do complexo ser vivo humano.

“La curva de demanda se desplaza cuando cambia: la renta de los consumidores, los precios de los bienes relacionados, los gustos del consumidor, las expectativas del consumidor.”

Economía, 1º de bacharelato, Vicens Vives, 2005. (páxina 32)

No mesmo libro (páxina 157): “Por ello, podemos considerar el dinero como uno de los grandes inventos que han contribuido al bienestar de la humanidad.”

“Indonesia hace uso intensivo del factor más abundante del país: mano de obra barata, numerosa y disciplinada.”

Economía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2005. (páxina 185)

d) Ausencia de complexidade, tratamento superficial e sen profundar nas verdadeiras causas dos problemas:

En liña con certa caracterización do ser humano xa comentada está a excesiva simplificación que ofrecen as respostas a algúns problemas. Máis que educar para dar respostas simples habería que facelo para xerar preguntas complexas.

Fálase da contaminación acústica como “presencia de moitos rúidos, ás veces, a un volume elevado” e de que “É frecuente que persoas que traballan con máquinas ruidosas ou os empregados das discotecas, sufran perda de audición se non protexen axeitadamente os seus oídos.” Non se fala en ningún momento especificamente dos coches, das motos, das obras molestas... .

Coñecemento do medio, 6º de primaria.
Anaya, 2003, (páxina 77).

Fálase do uso do ordenador só para resaltar a necesidade do coidado da vista. Non se aborda en ningún momento o coltan, os cambios constantes de aparellos electrónicos, a vida sedentaria de quen pasa moitas horas diante del, etc. Fálase do gasto en investigación espacial soamente centrado no mesmo gasto e no

posíbel beneficio para a industria e a saúde (Coñecemento do medio, 6º primaria. Obradoiro, 2002. páxinas 61 e 83).

e) Temas fixos tratados cun esquema único (drogas, tabaco, saúde no embarazo, etc.):

O tema da saúde céntrase obsesivamente no tabaco e nas drogas en situacións incomprensibéis (fala da puberdade e sen máis introduce a pregunta “Cres que é necesario fumar ou beber alcohol para parecer maior?”). Se ben parece positivo falar do consumo de drogas (alcohol, tabaco, etc.), chama a atención que non se fale doutros aspectos importantísimos para a saúde como a alimentación (especificamente non consumir graxas saturadas, transxénicos, etc.), a exposición á contaminación acústica, atmosférica... (Coñecemento do medio, 6º primaria. Rodeira, grupo Edebé, 2002. páxina 15).

f) Uso de fotos, texto ou nomes relacionados coa natureza, dun xeito superficial, só para dar unha presentación verde aos manuais:

Unha das prácticas máis vergoñentas da publicidade e o mercadeo empresarial actuais é a do lavado verde, presentando como respectuosas coa natureza, incluso como campionas do medio ambiente, a actividades a todas luces nocivas para a redonda natural. Os libros de texto deberían preparar o alumnado para exercer a crítica con ese tipo de enunciados perversos e transmitir unha visión fonda e sincera da verdadeira importancia dos problemas relacionados coa situación e coidado do noso medio natural. O verde non debe ser só unha carta de presentación atractiva.

Nesta subdivisión, vemos como se usan elementos naturais para cubrir a parte de contido relativa a medio ambiente, ao problema da pobreza, etc., a pesar de que non existe contido crítico ou debate real ao longo do libro. Temos que salientar o uso de fotos sen relación co texto no libro de Coñecemento do medio, 6º de primaria, Anaya, 2003; e no libro Coñecemento do medio, 6º primaria, Obradoiro, 2002.

Tamén temos que salientar nun sentido máis positivo a escolla continuada de elementos naturais, desta vez si relacionados co texto e co contido, do libro de Lingua e literatura, 1º Bacharelato. Xerais, 2004. Neste libro practicamente todas as imaxes están

O tema da saúde céntrase obsesivamente no tabaco e nas drogas esquecendo outros como a alimentación ou a exposición a contaminación

relacionadas con texto, porque sempre escolle para todo tipo de exemplos elementos da natureza: andoriña, cereixa, regueiro, illa, rato, bolboreta, ollomol, margarida, caravel, rosa, paxariño, camiñante, carballo, cabalo, píntega, camiño, carrizo, pardal, paporrubio, xílgaro, canario, caracol, eido....

CONCLUSIÓN

Unha rápida lectura dos últimos informes sobre a situación do medio ambiente a nivel global debería bastar para concluír que a saúde do noso planeta dista moito de ser boa: deforestación, desertización, contaminación, desigualdades sociais, consumo desaforado de enerxía, desaparición de linguas e culturas, gases contaminantes, etc.

Non obstante, unha gran parte da información que nos chega, as mensaxes e discursos que recibimos a través dos medios de comunicación, por exemplo, non reflicten o negro panorama que algúns documentos parecen amosar.

De por si, esta situación resulta preocupante: se non estamos a recibir a información correcta dificilmente poderemos asumir a complexa crise ambiental e moito menos interiorizar as transformacións necesarias para facerlle fronte. Pero non resulta aínda máis preocupante cando a fonte de información son os libros de texto?

Tal e como citabamos na introdución, os libros de texto representan o “coñecemento serio”, o “coñecemento de verdade”, o que é necesario aprender e de que maneira. Cabería preguntarse, polo tanto, como nos amosan o mundo os materiais educativos que empregamos a diario nos centros de ensino; amósannos a complexa trama de relacións, efectos e consecuencias da actual situación de crise socioambiental? Ou amósannos outras realidades exentas de elementos críticos?

A análise que vimos de presentar resulta demoledora: as e os estudantes que empreguen os manuais analizados neste estudo están a ser adoutrinadas/os nunha forma de ver e comprender a realidade que non ten en conta os límites da biosfera, que ignora interesadamente os impactos da tecnoloxía dixital, que segue a relegar a muller a un papel secundario e que despreza a relación directa coa terra e coa nosa comunidade local... entre outros aspectos.

A enerxía é ilimitada, a única forma de transporte aceptábel é o automóbil (se acaso, xunto co avión), a tecnoloxía é o noso novo deus (cos seus becerros dourados e a súa liturxia), a

*O estudantado
está a ser
adoutrinado
nunha forma
de ver e
comprender
a realidade
que non ten en
conta os límites
da biosfera, ou
relega a muller
a un papel
secundario*

***É necesario
xerar un clima
de debate
acerca do
porqué dos
contidos
científicos e
culturais cos
que se traballa
e como se
traballan***

alimentación é unha industria máis (rápida, cárnica e uniforme), a muller un discurso politicamente correcto (pero sen práctica), a cultura de verdade é a occidental (o resto nada máis que folclore pintoresco) e a información só é información cando ven dun aparello (palabra de deus...).

Nadase fala de conceptos como a biomímese ou o decrecemento, do saudábel (mental e fisicamente...) do transporte en bici, da soberanía alimentar ou o contacto directo coas produtoras/es, das mulleres que fixeron e fan historia, da complexidade e riqueza dos milleiros de culturas e cosmovisións que existen no planeta ou da necesidade de artellar medios de comunicación colectivos e alternativos.

Mais antes de sacar conclusións precipitadas, decidimos botarlle un ollo ao currículo oficial; sería posíbel que o currículo oficial recollera aspectos que botamos en falta nos libros de texto?

A resposta resulta complexa mais, en liñas xerais, pode afirmarse que, aínda coas eivas que ten e que explican en parte os contidos antiecolóxicos dos manuais, o currículo oficial ofrece un marco máis amable á sustentabilidade que o que finalmente resulta nos libros de texto.

Obxectivos ligados á análise crítica da intervención humana no medio, a valoración da importancia de conservar os recursos —especialmente os enerxéticos—, o recoñecemento do papel da muller ao longo da historia, a relevancia da ordenación territorial ou o recoñecemento da dependencia humana dos recursos naturais son algúns dos exemplos que podemos atopar nos currículos oficiais de primaria, secundaria e bacharelato¹.

Non resultaría errado dicir, por tanto, que boa parte das ausencias que atopamos nos libros de texto non poden xustificarse en base ao currículum oficial, xa que neste si aparecen de xeito explícito. Dito doutra maneira: con estes vimbios poderíase ter feito outro cesto.

Cómpre destacar que con esta análise non estamos a xustificar ou defender o currículo oficial; unha análise máis exhaustiva posiblemente nos poña sobre aviso de aspectos máis que conflitivos (a defensa do exército como garante do estado de dereito e a súa equivalencia case que cunha ONG...) e numerosas ausencias (que hai do decrecemento e da crítica a

o sistema que todo o fagocita?). Centrando a nosa atención nos aspectos que, dende o noso punto de vista, máis poden contribuir ao obxectivo da sustentabilidade, quixemos poñer en evidencia que tamén outros libros de texto son posíbeis...

Imos rematando...

Poderíamos denominar currículo oculto a aquelas leccións ou aprendizaxes que son incorporados polos estudantes aínda que ditos aspectos non figuren no currículo oficial. Este currículo xoga un papel destacado na configuración duns significados e duns valores dos que o colectivo docente e o mesmo alumnado non adoitan ser plenamente conscientes.

Con este estudo quixemos coñecer que era o que estaba a chegar “oficialmente” aos centros educativos, que aspectos estaban a ser os claves na definición dos significados e valores da poboación estudante e docente. O traballo está feito.

Ben é certo que os libros poderían ter sido moitos máis, non cabe dúbida. Mais estamos convencidos de que os resultados non mudarían substancialmente... teríamos moitas máis citas textuais e quizais algún que outro descubrimento soterrado pero as conclusións serían moi parecidas.

Agora cómpre continuar: é necesario xerar un clima de debate acerca do porqué dos contidos científicos e culturais cos que se traballa e como se traballan; sobre as fontes e metodoloxías coas que facilitamos a reflexión dos alumnos e alumnas e lles permitimos comprender a súa realidade e as/os capacitamos para seguir analizando e poder intervir solidaria, democrática e eficazmente nas diversas esferas da vida da súa comunidade; sobre as lentes coas que vemos o mundo e poder facerlles fronte aos necesarios cambios que esixe a situación socioambiental.

LIBROS DE TEXTO ANALIZADOS NO ESTUDO.

6º curso de primaria.

- Coñecemento do medio, 6º de primaria. Obradoiro, 2002.
- Coñecemento do medio, 6º de primaria. Anaya, 2003.
- Coñecemento do medio, 6º de primaria. Rodeira (grupo Edebé), 2002.
- Lingua galega, 6º de primaria. Anaya, 2002.
- Matemáticas, 6º de primaria. Anaya, 2005.

1º curso de bacharelato.

- Ciencias para o mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. SM, 2004.
- Economía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2005.
- Filosofía, 1º de bacharelato. Vicens Vives, 2003.
- Lingua e literatura, 1º de bacharelato. Consorcio Editorial.
- Historia do mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. Anaya, 2008.
- Historia do mundo contemporáneo, 1º de bacharelato. Xerais, 2002.
- Tecnoloxía industrial, 1º de bacharelato. McGraw Hill, 2004.

PERSOAS PARTICIPANTES NO ESTUDO

- Arantxa Rubio Mateo
- Chus Boo Feijoo
- Iñaki Varela Pérez
- Isabel García Avión
- José Ignacio Jorganes Echezarreta
- M^a José Vázquez Ramos
- Manuel Penín Díaz
- María Manuela Abella Cruz
- María Ogando González
- Miguel Pardellas Santiago
- Nuria López Alonso
- Óscar Manuel Freire Fernández
- Paula Lubián Fernández
- Sabela García Abalo
- Sonia Couso Fernández
- Xan Duro Fernández

BIBLIOGRAFÍA

- Abby Taka Mgugu, (Plataforma sobre los derechos de la mujer a las tierras y el agua en África meridional), 2006. La mujer, el medio ambiente y el desarrollo sostenible: estableciendo los vínculos
- Alguacil Gómez, J. (ed.) (2006). Poder local y participación democrática. Barcelona: El Viejo Topo.
- Carpintero, Oscar (2005). El metabolismo de la economía española. Recursos naturales y huella ecológica 1955-2000. Madrid. Colección Economía vs Naturaleza. Fundación César Manrique.
- Consume hasta morir. Contrapublicidad. Colección Clorofila Nº1. Libros en Acción, Ecologistas en Acción. 2009.
- Encina, J. y Barcena, I. (coord.) (2006). Democracia Ecológica. Formas y experiencias de participación en la crisis ambiental. Sevilla: UNILCO.
- Fernando Cembranos, Yayo Herrero y Marta Pascual (coords.) (2007). Educación y Ecología. El currículum oculto antiecológico de los libros de texto. Madrid. Editorial Popular.
- Freire, Paulo (2005). Pedagogía del oprimido. Madrid. Editorial Siglo XXI.
- Illich, Iván (1997). Energía y Equidad. <http://habitat.aq.upm.es/boletin/n28/aiill.html>
- Jurjo Torres (1991) El currículum oculto. Madrid. Morata
- Klein, Naomi (2002). No Logo: el poder de las marcas. Barcelona. Paidós
- Naredo J.M. y Valero, A. (1999). Desarrollo económico y deterioro ecológico. Madrid. Visor.
- Nuria Varela, 2008. Feminismo para principiantes. Ediciones B.
- Riechmann, J. y Fernández Buey, f. (1994). Redes que dan libertad. Introducción a los nuevos movimientos sociales. Barcelona: Paidós.
- Riechmann, Jorge (2003). Biomímesis. Madrid. Ecologista nº 36
- Riechmann, Jorge (2004). Gente que no quiere viajar a Marte. Tiempo para la vida. Madrid. Los libros de la Catarata.
- Schumacher, E.F. (1978). Lo pequeño es hermoso. Madrid. Ed. H. Blume

ANEXO I:

Obxectivos e contidos ligados coa sostenibilidade recollidos nos currículos de primaria, secundaria e bacharelato.

Currículo de primaria

- Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
- Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas de xeito progresivamente máis autónomo para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo (desigualdade de acceso aos bens de consumo, pobreza, traballo infantil...), analizando criticamente as informacións, reflexionando e debatendo sobre as desigualdades e sobre a necesidade do compromiso social e o papel dos dereitos e deberes da cidadanía na construción dun mundo máis xusto.
- Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.
- Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.
- Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos. Identificación dalgunhas estratexias de aforro enerxético no contorno propio. O desenvolvemento enerxético sustentable e equitativo.
- Recoñecemento das contribucións da muller ao longo da historia. Identificación do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.

Currículo de secundaria (ESO)

- Adoptar actitudes críticas fundamentadas no coñecemento científico para analizar, individualmente ou en grupo, cuestións relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade. Coñecer e valorar os problemas aos cales se enfronta hoxe a humanidade en relación á sobreexplotación dos recursos, ás diferenzas entre países desenvolvidos e non, e a necesidade de busca e aplicación de medidas, para avanzar cara ao logro dun futuro sustentable.

- Elaboración de informes sobre algunha especie en perigo de extinción ou dalgún espazo protexido próximo e formulación de propostas para contribuír á súa conservación.
- Valoración do uso da enerxía na sociedade. Problemas asociados á intervención humana sobre o ambiente. Busca de información e valoración de medidas tanto individuais como colectivas de eficiencia e aforro enerxético a curto, medio e longo prazo.
- Análise dos procesos de xeración de enerxía a partir de diferentes fontes, do transporte e do consumo de enerxía en Galicia. Valoración das repercusións ambientais.
- Recoñecemento da dependencia humana dos recursos naturais e da importancia fundamental da súa xestión sustentable. Análise e valoración do uso cotián de recursos básicos (produción e consumo de enerxía, o uso da auga e do aire) e a produción de residuos e o seu tratamento.
- Planificación e posta en práctica dunha actuación para potenciar o desenvolvemento sustentable no medio máis próximo. Valoración dos resultados.
- Xustificación de decisións persoais verbo de problemas reais do seu contorno que aseguren un desenvolvemento sustentable e da modificación de hábitos de conduta que promovan a saúde persoal e comunitaria.
- Investigación dalgún problema ambiental do contorno, e análise crítica a partir das achegas da ciencia. Valoración e comunicación de conclusións.
- Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.
- A actividade económica. Necesidades humanas e recursos económicos. Conceptos, axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado e a súa relación coas unidades familiares. Cambios recentes no mundo do traballo e o seu impacto espacial: a deslocalización.
- Toma de conciencia do carácter esgotable dos recursos e da necesidade de racionalizar o seu consumo. O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais. Medidas correctoras e políticas de sustentabilidade. Disposición favorable para contribuír á racionalización no consumo e ao desenvolvemento humano de forma equitativa e sustentable.

- Tomar unha postura crítica diante dos avances científicos e tecnolóxicos, recoñecer os logros e as vantaxes para a mellora da calidade de vida, así como os riscos que comportan, valorando os problemas sociais e éticos que poden xerar.
- Análise crítica da visión androcéntrica, eurocéntrica e etnocéntrica da ciencia e da tecnoloxía.
- Os impactos: a contaminación, a desertización, o aumento de residuos e a perda de biodiversidade. O cambio climático.
- A sobreexplotación dos recursos: aire, auga, solo, seres vivos e fontes de enerxía. A auga como recurso limitado. Enerxías alternativas e enerxía nuclear. O papel das mulleres na xestión destes recursos.
- A xestión sustentable da Terra. Principios xerais de sustentabilidade económica, ecolóxica e social. Os compromisos internacionais e a responsabilidade institucional e cidadá. Estratexias de desenvolvemento sustentable en Galicia.
- A ordenación territorial: instrumento de protección ambiental, de planificación e de xestión a prol dun desenvolvemento equilibrado e sustentable.
- Xénero, desigualdade social e sexismo. Avances cara á igualdade e cara á eliminación da violencia de xénero.
- Movementos de contestación social: pacifismo, feminismo, ecoloxismo, loita polos dereitos civís.

ANEXO 2

UNIDADE DIDÁCTICA:

A ANÁLISE DO CURRÍCULO OCULTO

Obxectivos:

- promover unha visión holística, complexa e crítica da realidade
- identificar discursos e mensaxes relacionadas coa cultura da insostibilidade e a ocultación e/ou negación da mudanza climática e dos seus efectos
- avanzar na identificación dos efectos da mudanza climática
- avanzar na ambientalización dos discursos e mensaxes
- promover unha cultura ambiental sostible.

Actividade:

Polas nosas mans e diante dos nosos ollos pasan multitude de libros, folletos, revistas, anuncios, etc. que, consciente ou inconscientemente, promoven uns hábitos e valores ligados á promoción dunha cultura socioambiental insostible: consumo desaforado, enorme xeneración de residuos, ignorancia dos límites da biosfera, endeusamento da tecnoloxía, minusvaloración da mudanza climática, etc.

Mediante este obradoiro elaboraremos unha ferramenta que, a través dunha lectura crítica, nos permitirá identificar nos libros de texto as mensaxes e discursos predominantes en relación ao Medio Ambiente e a Mudanza climática –o currículo oculto antiecolóxico– e o seu potencial impacto sobre a nosa forma de vida.

- Idade: secundaria
- Núm. de persoas: entre 4 e 30
- Materiais: libros, folios, papelógrafo
- Espazo: interior
- Conceptos clave: currículo oculto, cultura ambiental, sostibilidade, categorías de análise, etc.
- Outros conceptos: ecoloxismo, capitalismo, decrecemento, etc.
- Valores: grupo, lectura, análise crítica, investigación, etc.

Desenvolvemento da Actividade

a. Preparación

No obradoiro imos traballar sobre todo co binomio sostibilidade–insostibilidade, polo que, en primeiro lugar, é recomendábel aclarar estes conceptos e profundizar nas súas diversas dimensións, relacionándoas coa crise ambiental e coa mudanza climática.

Para isto, propónse organizar varias sesións de lectura e debate sobre aspectos como a tecnoloxía, os ciclos da enerxía, a eficiencia, a equidade, o decrecemento, o ecofeminismo e, por suposto, a mudanza climática.

O obxectivo desta fase non é outro que contextualizar a actividade e aclarar conceptos que poidan estar máis o menos confusos, aclarando algúns dos aspectos que xurdan nos debates pero sen pechalos nin tratar de impor unha visión concreta (a do profesor/a o do dinamizador/a).

b. Desenvolvemento paso a paso

1. Definir categorías de análise

As categorías de análise son conceptos que serven de análise para explicar a realidade. Nós queremos traballar coa realidade máis estreitamente ligada á situación socioambiental, polo que definiremos unha serie de categorías para isto, por exemplo: enerxía, mudanza climática, información, alimentación, cultura, transporte, educación, etc.

A definición destas categorías pode facerse como unha primeira actividade co grupo, facendo unha tormenta de ideas, por exemplo. Porén, normalmente resulta complicado que isto xurda sinxelamente, polo que será máis fácil ter preparadas as categorías de análise que nos parezan máis importantes ou máis facilmente comprensíbeis (na ficha final preséntase unha proposta).

2. Organizar grupos

En función do número de participantes, organizaremos varios grupos para desenvolver a actividade.

Debemos ter en conta que os grupos non deberían ser de máis de cinco persoas e que cada grupo debe traballar, polo menos, unha categoría de análise.

A dinámica que escollamos para formar os grupos dependerá das características dos participantes, deixando a elección do dinamizador/a a técnica empregada para isto.

3. Explicación da dinámica

Temos unha serie de categorías de análise e queremos relacionalas cos conceptos sostibilidade e insostibilidade. Para isto, explicámoslles aos grupos que o que lles imos pedir é que enumeren conceptos que, desde o seu punto de vista, caractericen as categorías de análise.

O noso obxectivo é, por así dicilo, facer unha fotografía do que entendemos por sostibilidade e insostibilidade, empregando para isto unha serie de categorías.

4. Traballo en grupo insostibilidade – posta en común

Unha vez asignadas as categorías de análise a cada grupo (ou dúas por grupo, dependendo do número de participantes e do número de categorías que definamos), pedirémoslles, en primeiro lugar, a caracterización destas categorías desde o que entendemos como insostibilidade.

Para simplificar a explicación, podemos dicir que o que queremos son as palabras que lles veñen á cabeza para describir e caracterizar cada unha das categorías de análise nun mundo insostible. Por exemplo, enerxía: combustíbeis fósiles, enerxía nuclear, enerxía ilimitada, etc.

A chuvia de ideas en cada grupo non debería ocupar máis de dez minutos, despois dos cales fariamos unha posta en común das ideas obtidas para cada categoría.

O ideal é ir escribindo todo o que sae nalgún encerado ou papelógrafo para, co seguinte paso, facer máis visíbel a comparativa.

Unha vez finalizada a posta en común preguntarémoslle ao conxunto dos participantes se están de acordo coas ideas asignadas polos seus compañeiros/as a cada unha das categorías, abrindo un breve debate para intentar chegar a un consenso dos significados que lles asignamos todos e todas ás categorías de análise.

5. Traballo en grupo sostibilidade – posta en común

Facemos o mesmo proceso pero, nesta ocasión, desde o que entendemos como sostibilidade, asignándolle outra vez palabras e ideas a cada unha das categorías de análise por grupos.

É recomendable que o mesmo grupo non faga o apartado de insostibilidade e sostibilidade coa mesma categoría, senón cambialas para evitar dinámicas de reflexo e propiciar un maior debate entre as/os participantes.

6. Debate: contradicións/concreción de conceptos

Unha vez finalizada a posta en común coa sostibilidade e consensuadas as ideas asignadas a cada categoría de análise podemos avanzar xa na comparativa insostibilidade – sostibilidade.

É probable que haxa conceptos repetidos nun e noutro apartado, o que pode provocar que, unha vez comparadas e contrastadas as ideas, xurdan dúbidas de onde corresponde colocar cada unha. É aquí onde intervéñ a figura do/a dinamizador/a, que ata agora se limitara a moderar o debate e que agora podería intervir preguntando sobre o que consideran máis ligado a un mundo sostible ou a un mundo insostible.

O obxectivo é dispor dunha matriz na que lle asignamos a cada categoría unha serie de ideas dependendo de se nos referimos ao que consideramos insostible ou ao que consideramos sostible.

7. Descrición do proceso de análise

Coa matriz aclarada e consensuada poderemos xa enfrontarnos á lectura de calquera material para analizar o seu currículo oculto antiecolóxico.

O procedemento que debemos seguir pode ser:

1º.- Repaso da matriz de análise; desta forma refrescaremos todas as categorías para a súa “detección” na lectura.

2º.- Lectura do libro e identificación de presenzas; coa matriz de análise á nosa beira iremos identificando aqueles elementos que consideramos ligados á insostibilidade, apuntando estes no modelo (matriz baleira) da seguinte forma:

PRESENZAS – INSOSTIBILIDADE	
CATEGORÍA (por exemplo, ENERXÍA)	Tema (por exemplo: o uso ilimitado da enerxía) Páxina Texto extractado / Imaxe – ilustración

Unha vez recollidas as presenzas, non teremos máis que repasar a nosa matriz para apuntar os elementos de nosa columna da sostibilidade que non apareceron, identificando así as “ausencias” (Ver páxina seguinte)

Matriz exemplo

CAT.	INSOSTIBILIDADE	SOSTIBILIDADE
ENERXÍA	Enerxía = progreso = éxito Idea de Enerxía ilimitada. Sempre aparecerán novas fontes	A Enerxía como algo que teñen que compartir todos os seres vivos O consumo de Enerxía ten que producirse en ciclos pechados Biomímese, decrecemento
TRANSPORTE	Transporte = positivo Transporte individual Estatus social Infraestruturas viarias = positivo	Transporte colectivo, compartido, público Aforro enerxético Bici, peóns
INFORMACIÓN	Sobreinformación Nesgada, escollida, manipulada, superficial, unidireccional, simple, dirixida Desvinculada do territorio	Independente Plural Complexa Multicultural
TECNOLOXÍA	Individualista Facilitadora = tempo libre Indica nivel de vida Dependencia Obsolescente Relixión	Colectiva Racionalizada Resolver os problemas á marxe da tecnoloxía = independencia
MUDANZA CLIMÁTICA	Negar a mudanza climática Negar o papel do modelo de produción e consumo en relación á mudanza climática Proceso estritamente natural... Impactos só sobre o ser humano O solucionaremos coa tecnoloxía	Necesidade de cerrar os ciclos de produción e consumo Redución de emisións Decrecemento Ter en conta todos os impactos: biodiversidade, desprazamentos, etc.
ALIMENTACIÓN	Comida rápida Produción intensiva (monocultivos) Inseguridade alimentaria Transxénicos, químicos, tóxicos Consumo Publicidade Grandes superficies, Multinacionais Artificialidade Maltrato animal	Relación directa coa terra Alimentos frescos Consumo moderado de carne e peixe Alimentación materna Sabor real Comunidade Agricultura ecolóxica

CULTURA	Cultura urbana Cultura occidental Desprezo (ausencia) doutras culturas Distintas culturas = conflito	Cultura local Multiculturalismo Distintas culturas = riqueza
XÉNERO	A muller existe pero non ten as mesmas capacidades que o home	A muller e o home teñen as mesmas capacidades
OUTRAS		

Avaliación

- ler varias frases (exemplos concretos de insostibilidade) e comprobar se se identifican claramente e con que categorías de análise
- ler un texto extenso ou incluso un libro completo e comprobar se a matriz de análise nos permite identificar elementos da cultura da insostibilidade (lecturas cruzadas para favorecer as distintas visións)

Suxestións

- sobre as categorías de análise: se o grupo non ten ningunha experiencia no tema, será mellor propoñelas nós. En caso contrario, acordar cos/coas participantes as categorías de análise.
- É posible agrupar varias categorías de análise en función da relación que teñen (exemplo: cultura e educación).
- Se non se dispón de moito tempo, pode reducirse a matriz con só 4 características de cada categoría (isto limita tamén o debate posterior).

Estensións

Unha vez elaborada a matriz pode ser empregada para analizar practicamente calquera cousa. Poderemos tanto avaliar un libro de texto, como un periódico e incluso poderemos analizar imaxes ou anuncios.

En calquera caso, o exercicio de análise pode continuarse coa elaboración de alternativas dentro da sostibilidade, reelaborando os textos ou propoñendo novas imaxes.



Apdo. 49 15785 Santiago
de Compostela

info@verdegaia.org

www.verdegaia.org

